Detalle da partida 7 da conta de resultados "Gastos de persoal":

	2023	2022
Soldos e salarios	238.318,93	223.899,47
S.S. a cargo da empresa	76.117,93	71.064,39
TOTAL	314.436,86	294.963,86

No ano 2023 non se concede ningunha subvención pola contratación de persoal.

O persoal da Fundación a 31 de Decembro de 2023 constaba de sete traballadores, 6 mulleres e 1 home, contratados en calidade de: Xerente, en calidade de persoal de alta dirección, tres Técnicos Superiores, un Técnico Medio e dous Auxiliares Administrativos en calidade de laborais fixos.

Detalle da partida 8 da conta de resultados "Outros gastos da actividade".

	2023	2022
Arrendamentos e canons	36.961,00	44.912,24
Servizos de profesionais independentes	617.291,33	426.625,63
<i>Profesionais formación (docencia e demostración oficios) ⁽¹⁾</i>	<i>118.530,80</i>	<i>75.660,16</i>
<i>Xornada Tecendo Futuros</i>	<i>31.493,60</i>	<i>0</i>
<i>Profesionais Feiras internacionais (Formex/Tent)</i>	<i>23.840,82</i>	<i>8.833,00</i>
<i>Profesionais edición revista Obradoiro de Artesanía ⁽²⁾</i>	<i>17.716,47</i>	<i>17.430,28</i>
<i>Profesionais Eventos autonómicos/nacionais ⁽³⁾</i>	<i>221.856,84</i>	<i>184.044,13</i>
<i>Profesionais Premios Artesanía de Galicia ⁽⁴⁾</i>	<i>21.417,00</i>	<i>18.113,70</i>
<i>Profesionais Artesanía no prato / Artesanía Innovadora ⁽⁵⁾</i>	<i>67.961,71</i>	<i>21.670,00</i>
<i>Reportaxes fotográficos / campaña RRSS ⁽⁶⁾</i>	<i>18.694,50</i>	<i>27.265,64</i>
<i>Web Artesanía de Galicia/ Mantemento</i>		<i>0</i>
<i>Pop up D-due & Artesanía de Galicia Sanxenxo Summer Shop</i>	<i>18.456,04</i>	<i>13.874,62</i>
<i>Campañas promoción tendas da marca Artesanía de Galicia</i>	<i>7.831,09</i>	<i>32.596,80</i>
<i>Outros profesionais (gasto corrente e capital) ⁽⁷⁾</i>	<i>69.492,46</i>	<i>27.137,30</i>
Transportes	5.633,55	5.249,02
Primas de Seguros	2.124,02	1.207,71
Servizos bancarios e similares	32,95	0
Publicidade, propaganda e relacións públicas	28.640,81	20.357,93
<i>Participación feiras</i>	<i>7.263,71</i>	<i>6.548,23</i>
<i>Publicidade xenérico (gasto corrente e capital)</i>	<i>21.377,10</i>	<i>13.809,70</i>
Subministro	3.074,88	1.353,25
Outros Gastos	224.154,14	183.233,19
<i>Gastos dietas</i>	<i>13.078,49</i>	<i>9.479,38</i>
<i>Gastos limpeza</i>	<i>3.855,02</i>	<i>3.589,74</i>
<i>Gastos teléfono</i>	<i>727,27</i>	<i>727,27</i>
<i>Gasto material oficina</i>	<i>477,51</i>	<i>3.486,25</i>
<i>Gasto pezas artesanía</i>	<i>54.742,55</i>	<i>84.689,07</i>
<i>Gastos material marca Artesanía de Galicia</i>	<i>26.912,34</i>	<i>21.066,02</i>
<i>Gastos varios eventos autonómicos ⁽⁸⁾</i>	<i>56.195,64</i>	<i>20.231,03</i>
<i>Campañas promoción tendas da marca Artesanía de Galicia</i>	<i>15.004,00</i>	<i>17.946,72</i>

<i>Gastos material cursos formación</i>	<i>9.508,64</i>	
<i>Gastos xenéricos (gasto corrente e capital)</i> ⁽⁹⁾	<i>43.652,68</i>	<i>22.017,71</i>
Otros Tributos	699,73	128,41
TOTAL	918.612,41	683.067,38

(1) Profesionais formación (docencia e demostración oficios):

- Programa de formación especializada en técnicas artesanais que contribúan á mellora e á profesionalización continua no 2023.
- Programa Aprender da Tradición. Oficios e técnicas. Novo programa formativo para a renovación e a conservación de técnicas e oficios tradicionais destinado á mellora continua dos profesionais da artesanía e á captación de novos talentos para o sector
- Proxecto ENREDADAS 2023. ENREDADAS é un proxecto de boas prácticas impulsado dende o ano 2012 pola Consellería de Economía, Industria e Innovación e pola Consellería do Mar e enfocado a diversificar o traballo das redeiras artesás galegas, para facilitarlles a apertura de novas oportunidades de negocio a través doutros ámbitos como a moda, os complementos e a decoración.
- Obradoiros abertos ao público en xeral en diferentes eventos autonómicos (Días Europeos da Artesanía, Artesanía de Galicia en Muros, Artesanía de Galicia na Ribeira Sacra, etc)
- Colaboración no proxecto Menestralía en Hylica, encontro de artesanía organizado por Espacio Hylica cuxo obxectivo principal é a divulgación da artesanía tradicional enfocada cara un público que sente curiosidade por descubrir ou volver a atoparse co saber-facer dos artesáns, centrándose nesta primeira edición principalmente nos procesos artesanais vinculados á la.

(2) Profesionais edición revista Obradoiro de Artesanía

- Preparación e realización dos envíos

(3) Profesionais eventos autonómicos (Encontro Torneiros Xermade, Artesanía no Courel, Artesanía na Ribeira Sacra, Encontro Cacharreiros Niñodaguia, etc)

- Traballos conservación stands para feiras
- Decoración, mobiliario e acondicionamento
- Servizos accesorios nas feiras (fotografía, vixilancia, etc)
- Actuacións musicais
- Montaxe eventos
- Deseño imaxes gráficas

(4) Profesionais Premios Artesanía de Galicia

- Presentación premios
- Elaboración reportaxe fotográfico
- Organización gala entrega premios

(5) Profesionais Artesanía no Prato / Artesanía innovadora

- Reportaxes fotográficos
- Montaxe Xornadas
- Cociñeiros elaboración showcooking
- Coordinación visita profesionais
- Persoal apoio xornadas

(6) Reportaxe fotográfico / campañas RRSS

- Elaboración fotografías obradoiros rexistrados para páxina web
- Elaboración fotografías para reportaxes
- Elaboración vídeos campaña Nadal

(7) Outros profesionais

- Mantemento informático
- Asesoramento fiscal e contable
- Mantemento programa contabilidade

- Mantemento fotocopiadora
- Servizo prevención riscos laborais
- Servizo auditoría contas anuais
- Asesoría xurídica Xunta de Galicia
- Mantemento protección de datos

(8) Gastos varios eventos autonómicos

- Montaxe eventos
- Bolsas de algodón campañas promoción
- Material a utilizar en obradoiros
- Colaboracións na organización

(9) Gastos xenéricos

- Licencias programa contabilidade
- Material informático
- Material embalaxe

Ingresos da actividade propia

Os ingresos por cotas de usuarios dos exercicios 2023 e 2022 foron:

	2023	2022
Cotas de usuarios (*)	45.496,79	50.841,90
TOTAL	45.496,79	50.841,90

(*) Correspóndese con cotas cobradas a usuarios por asistencia a cursos de formación e venda de pezas de artesanía.

Os ingresos por colaboracións dos exercicios 2023 e 2022 foron:

	2023	2022
Colaboracións	0,00	230.123,83
TOTAL	0,00	230.123,83(*)

(*) Correspóndese con un convenio de colaboración coa Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación para a promoción e o desenvolvemento do sector artesanal galego

12. SUBVENCIONES, DOAZÓNS E LEGADOS

A Fundación recibiu da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, subvencións nominativas non reintegrables, en concepto de axudas para o apoio á artesanía, por importe de 754.746,56 euros con cargo os orzamentos da Xunta de Galicia para o 2023. Son transferencias sen contraprestación recibidas da entidade dominante para financiar actividades específicas de interese público ou xeneral.

<i>Saldo a 31 de decembro de 2021</i>	<i>1.228.689,93</i>
<i>Ingreso por subvención C.VII</i>	<i>413.788,80</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2022</i>	<i>-403.823,70</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2020</i>	<i>-2.161,81</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2019</i>	<i>-364,00</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2018</i>	<i>-13,04</i>
<i>Ingresos por subvencions C. IV</i>	<i>340.957,76</i>
<i>Imputación a resultados 2022</i>	<i>-340.957,76</i>
<i>Saldo a 31 de decembro de 2022</i>	<i>1.236.116,18</i>
<i>Ingreso por subvención C.VII</i>	<i>845.000,00</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2023</i>	<i>845.000,00</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2022</i>	<i>2.525,88</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2020</i>	<i>1.200,85</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2019</i>	<i>110,18</i>
<i>Ingresos por subvencions C. IV</i>	<i>339.263,84</i>

<i>Imputación a resultados 2023</i>	<i>339.263,84</i>
-------------------------------------	-------------------

<i>Saldo a 31 de decembro de 2023</i>	<i>1.232.279,27</i>
---------------------------------------	---------------------

Distinguimos, segundo a súa finalidade:

- Subvencións de capital por importe de 845.000,00 euros, dos cales foron recoñecidos como ingresos do exercicio un importe de 845.000,00 euros destinados a actividades de formación, promoción, divulgación e proxectos.
- Subvencións correntes por importe de 339.263,84 euros destinadas a sufragar os gastos de persoal e outros gastos correntes da Fundación. Traspásase a resultados pola parte executada, un importe de 339.263,84 euros, figurando no patrimonio neto o importe pendente de aplicación das subvencións recibidas nos exercicios anteriores.

A totalidade das subvencións son de carácter non reintegrable, afectas á actividade propia da entidade e outorgadas pola Administración autonómica.

No exercicio 2023 e 2022 non hai subvencións pola contratación de persoal.

13. ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN

13.1. Actividade da entidade

A Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través da Fundación Pública Artesanía de Galicia, segue apostando por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas realidades e considerando a artesanía como un valor territorial, patrimonial, cultural e económico que mestura os saberes dos oficios tradicionais coa creatividade, coa necesidade da dixitalización, coa innovación e coa implicación dos artesáns e das artesás.

Ao longo do 2022 e 2023 traballamos coa Dirección Xeral de Comercio e Consumo na elaboración dunha nova Lei de Artesanía de Galicia co fin de adaptala á actualidade. Dado o tempo transcorrido dende que se aprobou a Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia (máis de 30 anos) resulta necesaria unha actualización e modernización da normativa reguladora da artesanía.

I. Actividades realizadas

ACTIVIDADE 1

A) Identificación.

Denominación da actividade: Artesanía = Empresa

Tipo de actividade:

1a. Aposta pola comercialización no eido local, nacional e internacional e o seu posicionamento no mercado actual.

1b. Reformulación dos sistemas tradicionais de comercialización e estudo sobre as posibilidades que ofrecen novas formas como a asistencia a feiras especializadas, a introdución do produto artesán en accións de promoción de Galicia en colaboración con outras institucións, o pulo á realización de showrooms e pop up, a realización de feiras ou mostras de artesanía nas que se combine a promoción e a posta en valor dos oficios artesanais e a venda de produtos artesanais de alta calidade con outros elementos culturais (música, folclore, exposicións, talleres, gastronomía, etc)

Lugar de desenvolvemento da actividade: Galicia

Descrición detallada da actividade realizada.

1.1 Corazón da Artesanía. X Encontro da artesanía tradicional e popular de Galicia. Os Pendellos, Agolada (7, 8 e 9 xullo)

Dende a súa posta en marcha no 2012 é sen dúbida unha cita ineludible no calendario de eventos de interese artesanal de Galicia. Esta iniciativa

resultou finalista nos Premios Nacionais de Artesanía nas edicións de 2022 e 2023, na categoría Premio Promociona para Entidades Públicas.

O Corazón da Artesanía é un evento integral destinado a divulgar os oficios artesanais, a impulsar a comercialización da marca Artesanía de Galicia e doutros produtos gourmet de calidade, así como buscar sinerxías entre artesanía e outros sectores como a arquitectura, o deseño ou a gastronomía. Tradición e vangarda xúntanse neste encontro único no que se contou con demostracións de artesanía en vivo, o programa Artesanía no Prato que xunta gastronomía e artesanía, cursos especializados para artesáns e obradoiros abertos para todos os públicos, animado con música en directo e actividades para nenos

Na edición deste ano participaron máis de 50 profesionais de Artesanía de Galicia, 40 como expositores e outros 16 artesáns como docentes nos cursos de formación e talleres abertos, entre os que se atopan 10 obradoiros que participaron por primeira vez neste evento.

Entre o público desta décima edición atopamos a visita de tendas estranxeiras especializadas na decoración de interiores – entre as que se atopan unha de Londres e outra de Suecia – xornalistas especializados en tendencias e decoración, representantes de institucións vinculadas á artesanía, prescriptores e tendas de diferentes puntos de España.

1.2 Accións de promoción, venda e divulgación da marca Artesanía de Galicia en diferentes escenarios dentro e fóra da nosa Comunidade (on/offline), así como colaboración, asesoramento, divulgación e participación en diferentes actividades artesanais.

Búscase ofrecer unha imaxe transversal e de calidade de Galicia (artesanía, gastronomía, patrimonio, cultura e turismo) e fortalecer as redes comerciais e a venda directa dirixida ao público en xeral con accións concretas dirixidas a posibles potenciais prescriptores da Artesanía de Galicia.

- Días Europeos da Artesanía, do 27 marzo ao 2 abril.

Trátase dunha iniciativa internacional promovida en España pola Escuela de Organización Industrial (EOI) e pola súa área de promoción da artesanía, Fundesarte, na que a Xunta de Galicia colabora por décimo primeiro ano consecutivo. O evento celebrouse este ano de xeito simultáneo en 18 países europeos, dos que España e Francia foron os que contan cun programa máis amplo de actividades. Galicia foi a 2ª comunidade con máis actividades de España.

A Fundación é o órgano que coordina todas estas actividades que se celebran en Galicia e na que este ano participaron máis de 50 obradoiros de Artesanía de Galicia e outras entidades asociativas e centros de divulgación da artesanía. A fundación patrocinou 39 actividades:

- Días da Artesanía en Muros, coa participación de Minia Banet, Xiana Cobo e Julia de la Cal.
- Días da Artesanía en Compostela, coa participación de Brigantia Orfebres, Kinga Haudek, Como Pez en el agua, El Taller de Fer, Amorote Printing Workshop e Artesanía Silvent.
- Días da Artesanía no Mercado Galego da Creatividade, Santiago de Compostela, a cargo dos artesáns Soledad Mato, Nobelo a Nobelo, La con agarimo, Dona Formiguinha, Asuntos Imaxinarios, Mocao, Boro e D Rositas.
- Días da Artesanía organizadas polo CEE López Navalón, Santiago de Compostela, a cargo dos artesáns Carlos San Claudio, Susana González, Sanín e o telleiro O Buraco para os alumnos do centro.
- Días da artesanía en Buño, organizadas pola Asociación Oleira de Buño.
- Días da artesanía na Fundación Eduardo Pondal, Ponteceso, a cargo do obradoiro Ilex Talla.
- Días da Artesanía en Mondoñedo, organizada pola Asociación profesional de artesáns de Mondoñedo Os Muíños, a cargo dos

obradoiros artesanais Estudio Estampa, Esquina Atlántica, Artesanía do Pasatempo, Ton Arenas, Miratú, Fernando Vilariño e Eiva.

- Días da Artesanía en Triacastela, a cargo do artesán Artesanía Silvent.
- III Fornada Tradicional de Niñodagua, organizada polo Museo de Olería de Niñodagua.
- Días da Artesanía en Ourense, organizadas pola Asociación Artesáns de Ourense, na que participaron os artesáns Mario López, María Aba, Teté Mareque, Luciérnaga, Bangus, Rosa Fraíz e Olería Batán.
- Días da Artesanía no Museo do Mar de Vigo, a cargo dos artesáns Como pez en el agua, Peixesapo, Joyas de Papel, Carlos San Claudio e Roberto Piñeiro.
- Días da Artesanía no CEIP Mestre Manuel García, Oia, a cargo dos artesáns Areladefe, Joyas de Papel, Cabuxa, Marta Armada e Nai Diseños.

Ademais destas actividades en Galicia realizáronse outras 18 actividades de divulgación dos oficios artesanais impulsadas por outros colectivos.

○ Participación de Artesanía de Galicia en stands e proxectos institucionais de promoción nacionais (material promocional, exposicións de pezas e demostracións de artesáns)

- Participación de Artesanía de Galicia no proxecto de Turismo de Galicia para o stand de Galicia en FITUR 2023, en Ifema, Madrid, do 17 ao 20 xaneiro. Artesanía de Galicia colaborou con diferentes montaxes expositivas con produto artesán e coa participación da ceramista Laura Delgado (Premio Artesanía de Galicia 2022)

○ Artesanía de Galicia no Courel, 9 ao 13 agosto, Folgoso do Courel.

Terceira edición do evento co que se busca a divulgación e posta en valor dos oficios artesanais, dar visibilidade á marca Artesanía de Galicia e fomentar o relevo xeracional no sector, organizado coa colaboración do Concello de Folgoso do Courel e da Fundación Uxío Novoneyra e localizado este ano en tres enclaves xeográficos: Folgoso do Courel, Froxán e Parada.

O obxectivo desta iniciativa é conseguir a medio e longo prazo un espazo de formación e divulgación da Artesanía de Galicia e os nosos oficios e que contribúa a dinamizar esta zona tan singular da nosa xeografía.

O Programa abarcou 20 obradoiros para profesionais e persoas interesadas na artesanía.

- Artesanía de Galicia na Ribeira Sacra, 19 agosto. Santuario Nosa Señora de Cadeiras – Sober.

Terceira edición desta feira de comercialización directa que se celebrou nos pendellos do Santuario da Nosa Señora de Cadeiras coa participación de 19 expositores da marca Artesanía de Galicia e a celebración de tres obradoiros abertos ao público.

- Programa de pequenas feiras itinerantes e organización e coordinación dun programa de obradoiros abertos e demostracións co obxectivo de amosarlle á sociedade o valor engadido da artesanía e o valor do produto feito á man en canto á súa creatividade, patrimonio cultural e tradición.
 - Merca Delicadeza, organizado por AGACAL, do 10 ao 12 marzo, Lalín. Realizáronse obradoiros abertos ao público impartidos por Carlos San Claudio e Peixe Nero.
 - MostraFeira Gondomar 2023, 15 e 16 abril. Realizáronse obradoiros abertos ao público impartidos pola Asociación Galega da Cerámica e outras Artesanías A Escola.
 - Feira de Artesanía de Tui, 13 e 14 maio. Organizada pola Asociación Galega de Artesáns. A Fundación patrocinou obradoiros abertos ao público impartidos por Salomé Moldes, Lucía Casado, Laura Villanueva e Miudiño SCG.
 - XIX Feira Outrora de Rubián en Bóveda, 14 xullo. A Fundación patrocinou obradoiros abertos ao público impartidos por Leonor Díaz, Carlos San Claudio, María José Martínez e José Antonio Carrera.
 - XVI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, 3 ao 6 agosto, Sada. A Fundación patrocinou unha serie de demostracións de

carpintería de ribeira a cargo da Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (Agalcari), así como unha feira de comercialización organizada pola Asociación Galega de Artesáns (AGA) na que participaron 10 obradoiros de Artesanía de Galicia.

- Festiletras. Encontro de mulleres Que o conten elas, 1 setembro, Ponteceso. Colaboración coa realización dun obradoiro de cestería a cargo da artesá Julia de la Cal (La Parabólica) e agasallos para as persoas participantes.
- Festa da Vendima do Saviñao, 2 e 3 setembro. Colaboración coa organización de obradoiros de torno cerámico a cargo dos artesáns Carlos San Claudio e Nerea Carpenente (Peixe Nero).
- XIII Feira de artesanía do Incio, 3 setembro. Colaboración coa realización de obradoiros de Cianotipias e Shitotaku a cargo dos artesáns María José Martínez e José Antonio Carrera.
- XV Feira Tradicional dos Remedios de Ponteareas, 9 setembro. Colaboración coa realización de obradoiros de Encadernación á xaponesa e Cianotipias a cargo dos artesáns María José Martínez e José Antonio Carrera e de torno cerámico a cargo do artesán Carlos San Claudio.
- XI Feira de Artesanía e produtos da zona de Triacastela, 23 setembro. Colaboración coa realización dun obradoiro de remate de xoguetes de madeira impartido por Artesanía Silvent.
- Feira de Artesanía de Galicia na Feira Cabalar do San Martiño de Francos, 11 novembro, Teo. Colaboración na organización do evento.
- XXVI Filandón de Músicas do Courel, 6 agosto. Colaboración a través da elaboración das placas-tésera de Hospitalidade do Courel. Medallas Gaiteiro do Courel.
- LV Concurso de Gaitas de Ponteareas, 16 setembro. Colaboración coas pezas dos premios.

- Exposición e publicación de Cornamusas primitivas: historia da civilización, 31 outubro ao 31 decembro. Colaboración coa Real Banda Escola Provincial de Gaitas.
- XVIII Festival Internacional Rebulir, 14 ao 17 decembro. Colaboración coas pezas dos premios.
- Campaña Nadal Creativas Galegas, 4 decembro ao 4 xaneiro. Colaboración na organización de escaparates viventes con demostración de oficios artesanais e talleres de serigrafía, xoiería, confección, coiro e calceta.
- Mercado da Estrela, 15 ao 17 decembro, Santiago de Compostela.
- Feira de Nadal de Ourense, 20 decembro ao 6 xaneiro, Liceo de Ourense.
- Colaboración nos encontros de palilleiras e tecedeiras.
 - XVII Xuntanza de palilleiras de Neda, 25 febreiro, Neda.
 - II Paseo da la, do 24 ao 26 marzo, Cabanas. Organizado pola Asociación de Mulleres Cabanas Rural.
 - XV Xuntanza de palilleiras de labores de Mos, 17 xuño, Mos.
 - VII Encontro de bolillos e labores, 9 setembro, Valga.
 - XV Tasca do liño de Insua, 28 outubro, Vilalba.
- Novas formas de comercialización.

Organización da III Summer Shop Artesanía de Galicia & D-due, verán 2023. Tenda pop up que contou con pezas de 47 obradoiros artesanais e serviu como escaparate para impulsar a comercialización e promoción da marca Artesanía de Galicia nunha tenda pop up organizada en colaboración coa marca de moda Ddue cos seguintes obxectivos:

- Impulsar a comercialización no eido local cunha posta en escena de calidade e artesanía contemporánea, vinculada a unha empresa téxtil de referencia en Galicia
- Visibilizar a marca Artesanía de Galicia e comercializar o produto de diferentes obradoiros artesanais galegos nunhas datas e nunha

localización claves, posto que Sanxenxo é un dos destinos turísticos de Galicia con maior demanda durante os meses de verán

- Introducir a marca Artesanía de Galicia no público potencial dunha empresa como D-Due, que valora a moda de calidade, sustentable feita á man, a pequena escala, e cun alto nivel de deseño e calidade.
 - Poñer en valor a marca Artesanía de Galicia, que representa os profesionais que conforman o sector artesán galego, avalando os seus produtos e achegándolle a tradición e a vangarda de materiais, deseño e novos xeitos de interacción comercial ao público en xeral.
 - Impulsar a artesanía de proximidade, a economía circular, o talento artesán galego, o feito en Galicia e a calidade.
- Campaña de promoción #aartesaniadimoitodeti2023.
Segunda edición da campaña "A artesanía di moito de ti", iniciada no verán de 2022, co obxectivo de impulsar o produto artesanal galego entre as tendas adheridas á marca Artesanía de Galicia, así como de incrementar a posta en valor da artesanía galega entre a sociedade e o comercio de proximidade.
 - A Fundación creou diferentes materiais de promoción para as tendas (bolsas, libretas e información da marca en galego, castelán e inglés)
 - Estase a facer unha campaña de promoción en RRSS coas imaxes enviadas polas tendas e os usuarios con estes materiais.
 - #aartesaniadimoitodeti2023.
 - Estase a facer unha campaña de unboxing nas RRSS con diferentes persoas de relevancia vinculadas á artesanía, á cultura e á moda.
 - Dende o inicio de 2022 o número de tendas adheridas a Artesanía de Galicia incrementouse nun 104 % e son xa 45 as tendas que contan con este distintivo en toda a Comunidade.
 - Xornada "Educación, Artesanía e Inclusión: novos desafíos para vellas demandas", 28 abril, Santiago de Compostela.

A fundación, o SEPIU da USC e o Proxecto de Aprendizaxe Servizo ApS Hermés converxen nun proxecto común para dar a coñecer as prácticas educativas que se desenvolven dende os centros de educación especial e dende as entidades que traballan para conseguir unha inclusión real das persoas con diversidade funcional a partir do aproveitamento dos recursos endóxeos a través da artesanía.

Durante toda a xornada púxose en valor a actividade profesional e social de diferentes entidades do ámbito da discapacidade e a promoción e difusión dun novo modelo de inserción laboral das persoas con diversidade funcional.

Na programación incluíase:

- Mesa redonda sobre “A artesanía como pilar de inclusión: do papel á práctica de entidades”. Coa participación dos obradoiros de Artesanía de Galicia A Casa Rodante e Artefíos, así coma o CEE Manuel López Navalón.
- Presentación de traballos do alumnado do proxecto Aprendizaxe-Servizo (Proxecto Hermés).
- Exposición de pezas do alumnado do CEE Manuel López Navalón.
- Exposición e venda de pezas dos talleres Artefíos e A Casa Rodante.
- Participación no Congreso Nacional de Formación y Empleo Inclusivo organizado polo Centro de Referencia Nacional de Artesanía Centro Albayzín, 22 e 23 xuño, Granada.

A Fundación Artesanía de Galicia recibiu un galardón en recoñecemento ao apoio autonómico a proxectos de inclusión no marco de Artesanía de Galicia e ao impulso dos oficios artesanais como modelo de inclusión laboral para persoas con diversidade funcional.

O obradoiro artesán A Casa Rodante – impulsada pola Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral Apamp – e a empresa téxtil Bimba y Lola recibiron tamén un recoñecemento polo seu proxecto de colaboración empresarial.

A xerente da Fundación moderou a mesa redonda “Diálogo sobre competitividad y colaboración empresarial para una inclusión de calidad: el modelo de A casa rodante” no que participaron a xerente de Apamp e a responsable de RRHH de Bimba y Lola, SL.

○ Impulso da incorporación da Artesanía de Galicia no ámbito do Agasallo institucional e corporativo.

Asesoramento personalizado a diferentes organismos e posta en contacto con cada artesán. Obxectivos:

- Impulsar a comercialización do produto artesán galego en diferentes ámbitos.
- Consolidar Artesanía de Galicia como marca de prestixio e referente de calidade nos mercados.
- Achegarlle o produto feito á man ás institucións públicas e privadas.
- Aproveitar esta vía como unha oportunidade de desenvolvemento para un sector artesán que pola súa heteroxeneidade ofrece un catálogo moi amplo de produtos.

Propostas presentadas e coordinadas pola Fundación: 60

Propostas aceptadas: 35

Produtos: máis de 3.500

Oficios implicados: figuras de pan, madeira, xoiería, cerámica, olería, ilustración e marroquinaría.

1.3. Organización e colaboración en eventos para a recuperación de oficios en extinción.

O impulso á conservación dos oficios artesanais tradicionais forma parte da estratexia da Xunta de Galicia.

A recuperación, o mantemento e a divulgación de profesións ancestrais constitúe unha ferramenta de dinamización social e de divulgación da nosa cultura, ademais de establecer referentes para os novos profesionais que se achegan ao sector artesanal galego.

- XIV Feira de Artesanía do Ferro de Riotorto, 16 abril. Evento organizado co obxectivo de fomentar e poñer en valor o oficio artesanal e tradicional dos ferreiros do municipio de Riotorto.
- XLIII Feira do Viño de Amandi en Sober, 31 marzo, 1 e 2 de abril. Aposta pola divulgación e o recoñecemento da olería de Gundivós.
- XXIII Encontro Internacional de Torneiros da Madeira de Xermade, 15 ao 17 setembro. A divulgación do oficio da tornería de madeira e o eixe principal deste evento converténdose nun espazo de formación e exhibición de referencia internacional do sector.
- IX Encontro de Cacharreiros de Niñodaguia, 11 ao 13 agosto. Divulgación e recoñecemento da olería de Niñodaguia

1.4 Aposta pola internacionalización:

Dende o ano 2009 a Fundación contribúe á introdución do produto artesan galego nos mercados internacionais a través da presenza do stand institucional da marca Artesanía de Galicia en diferentes feiras internacionais de recoñecido prestixio.

- Formex 2023.

A Fundación participou, do 17 ao 20 de xaneiro, co stand institucional da marca Artesanía de Galicia en Formex, na cidade de Estocolmo.

FORMEX é a maior feira de deseño nórdico de interiores e conta con dúas edicións anuais en xaneiro e en agosto. Este evento celébrase en Stockholmsmässan, un recinto con tres pavillóns dedicados á decoración de interiores, deseño nórdico e exteriores. É un lugar de encontro único para os 950 expositores e máis de 17.000 visitantes tanto de Suecia coma doutros países.

Esta feira está aberta a todos os profesionais relacionados coas áreas do téxtil para o fogar, mobles e obxectos decorativos en xeral.

Como en anos anteriores, a Fundación actúa como intermediaria na coordinación, organización e seguimento das vendas, da loxística e da expedición de todos o pedidos.

Obradoiros participantes: 37

Produtos referenciados no catálogo: 216

Puntos de venda internacionais: continuamos traballando cos máis de 50 puntos de venda que tiñamos ata o de agora distribuídos en países como Suecia, Austria, Francia, Inglaterra, Italia, Alemaña, Dinamarca, Noruega ou Xapón. A raíz desta edición de Formex contamos con 6 tendas novas, 5 delas en Suecia e 1 en Suíza.

Distribuidores: contamos tamén con varios distribuidores de produtos da marca Artesanía de Galicia noutros países como Xapón, Alemaña ou Inglaterra.

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número		Nº de horas / ano	
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado
Persoal asalariado	7	7		
Persoal con contrato de servizos				
Persoal voluntario				

C) Recursos económicos empregados na actividade.

Gastos / Inversións	Importe	
	Previsto	Realizado
Gastos por axudas e outros		
a) Axudas monetarias		350,00
b) Axudas non monetarias		
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno		
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		
Aprovisionamentos		

Gastos de persoal		
Outros gastos de explotación	487.260,00	491.079,87
Amortización do inmovilizado		
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado		
Gastos financeiros		
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros		
Diferenzas de cambio		
Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros		
Impostos sobre beneficios		
Subtotal gastos	487.260,00	491.429,87
Investimentos (agás bens patrimonio histórico)		
Adquisicións bens patrimonio histórico		
Cancelación débeda non comercial		
Subtotal recursos	0,00	0,00
TOTAL	487.260,00	491.429,87

ACTIVIDADE 2

A) Identificación.

Denominación da actividade: Profesionalización, fortalecemento do tecido produtivo artesán e maior visibilidade do sector

Tipo de actividade:

2a. Formación especializada e mellora continua do sector.

2b. Aposta por unha maior visibilidade do produto feito a man.

Lugar de desenvolvemento da actividade: Galicia, internacional

Descrición detallada da actividade realizada.**2.1 Programa de formación especializada en técnicas artesanais que contribúan á mellora e á profesionalización continua no 2023.**

○ A formación está dirixida a artesáns e á captación de novos talentos para o sector artesan. Busca a introdución da innovación en todos os procesos, a recuperación de oficios tradicionais en extinción e a mellora da comercialización.

- Curso de fotografía de produto co móbil, impartido por Fuco Reyes, 29 xaneiro, Ourense.
- Curso de fotografía de produto con cámara, impartido por Fuco Reyes, 4 e 5 febreiro, Ourense.
- Curso de iniciación á patronaxe, impartido por Ana Prados, do 5 ao 26 febreiro, Santiago de Compostela.
- Curso de perfeccionamento e mellora dos remates e patróns dos teus produtos, impartido por Ana Prados, 8 febreiro e 7, 14 e 21 marzo, Santiago de Compostela.
- Curso de formación de tina índigo para fibras vexetais, impartido por María Ángeles Martínez González, 19 e 20 marzo, Cambre.
- Curso de Xestión en software libre: liberdade para elixir, crear e facer, impartido por Agasol en colaboración coa Amtega, 24 outubro, online.

○ Proxecto ENREDADAS 2023.

ENREDADAS é un proxecto de boas prácticas impulsado dende o ano 2012 pola Consellería de Economía, Industria e Innovación e pola Consellería do Mar e enfocado a diversificar o traballo das redeiras artesás galegas, para facilitarlles a apertura de novas oportunidades de negocio a través doutros ámbitos como a moda, os complementos e a decoración.

O proxecto resultou gañador nos Premios Nacionais de Artesanía 2016, na categoría Premio Promociona para Entidades Públicas.

A través de cursos de formación especializada e continuada, ofréceselles ás redeiras artesás de diferentes localidades galegas a posibilidade de acadar

unha renovación desta actividade tradicional ao tempo que un incremento dos seus ingresos. Búscase fomentar a colaboración intersectorial que lles abra as portas ás redeiras dun mercado contemporáneo, introducir novos materiais e mellorar as técnicas e a calidade dos produtos elaborados.

- Curso Integrando á artesanía no sector Mascotas, impartido por The Painter's wife, 25 e 26 maio e 1, 2, 8, 9, 15 e 16 xuño, Corme.

Esta actividade formativa, na que participaron oito redeiras artesás, tivo como obxectivo a creación dunha colección cápsula de colares e correas para cans, que se está a distribuír na tenda en liña de The Painter's Wife e está apoiada por unha campaña de comunicación que pon en valor o traballo artesanal e o colectivo das redeiras galegas.

- Colaboración no proxecto Menestralía en Hylica, encontro de artesanía organizado por Espacio Hylica cuxo obxectivo principal é a divulgación da artesanía tradicional enfocada cara un público que sente curiosidade por descubrir ou volver a atoparse co saber-facer dos artesáns, centrándose nesta primeira edición principalmente nos procesos artesanais vinculados á la.

A Fundación organizou un curso de formación especializada dentro do programa de Menestralía:

- Curso de conformado de sombreiros de feltro, impartido por Nina Pawloswsky, 27 e 28 marzo, Baiona.
- Tecendo futuros. Prácticas téxtiles contemporáneas. Dentro das xornadas levouse a cabo o curso:
 - Iniciación ao trenzado ply-splitting, impartido pola artesá e artista téxtil Helen Leaf, 2 e 3 outubro.

Nesta actividade exploráronse as bases desta técnica, traballando en redondo, tecendo motivos decorativos e bordos; os asistentes realizaron trenzas, tramas e cestas con liño, algodón, papel e la.

○ Proxecto Artesanía de Galicia na Escola

Creación de diferentes unidades didácticas sobre oficios artesanais, nas que se contemplen os oficios máis tradicionais e nas que se incluírán diferentes unidades didácticas (papel e dixital) dos oficios polos propios artesáns e artesás.

Os colexios tamén recibirán os artesáns e artesás e puntualmente proporáselle a algún centro visitar os obradoiros.

Este programa divulgativo e formativo ten carácter de continuidade nos próximos anos coa incorporación de novos oficios.

Trátase dun programa ambicioso, que a diferenza de pequenas experiencias en zonas concretas, pretende abarcar todo o territorio da Comunidade Galega con Accións tanto nas cidades como no rural que se realizarán progresivamente.

○ Programa Aprender da Tradición. Oficios e técnicas.

Novo programa formativo para a renovación e a conservación de técnicas e oficios tradicionais destinado á mellora continua dos profesionais da artesanía e á captación de novos talentos para o sector. Os obxectivos específicos do programa son:

- Capacitar os artesáns e expertos en oficios artesanais para que poidan transmitir os seus coñecementos
- Facilitar a formación de novas xeracións interesadas en aprender estes oficios e técnicas
- Fomentar a comercialización de produtos elaborados por artesáns locais e sensibilizar a comunidade sobre a importancia da conservación dos oficios tradicionais.

Leváronse a cabo os seguintes cursos:

- Iniciación á acibechería, impartido polo artesán Ricardo Rivas, 9, 10, 23, 24 e 30 de novembro, e 14 de decembro.
- Paseo pola ourivería compostelá. Técnica da Filigrana, impartido pola artesá Susi Gesto, 11 e 18 novembro.

- Formación en xastrería artesanal. Execución dunha chaqueta de traxe, impartido polos artesáns Fernando Freire e Ramón Lareo, 12 e 19 de novembro, 16 e 17 de decembro, 28 de xaneiro, 4, 18 e 25 de febreiro, 10 e 17 de marzo, 6, 7, 14, 21 e 28 de abril.
- Iniciación ao picote, impartido polo obradoiro Pal.lium, 25 e 26 novembro.
- Formas tradicionais da olería de Buño, impartido polo artesán Antonio Pereira, 27 de novembro, 4, 11 e 18 de decembro, 15, 22 e 29 de xaneiro, 5, 19 e 26 de febreiro, 4, 11 e 18 de marzo, 8 e 15 de abril.
- Técnicas de Pasamanería, impartido polo artesán Rafael González Goyanes, 16 de decembro, 13, 20, 27 de xaneiro e 3, 17 de febreiro.
- Divulgación de todos os programas formativos, webinars e videoconferencias en materia de profesionalización e competitividade postos en marcha dende a Consellería de Economía, Industria e Innovación, e dende outros departamentos da Xunta de Galicia e institucións de ámbito estatal (EOI, Fundesarte...)

Colaboración, promoción e divulgación das diferentes axudas publicadas pola dirección Xeral de Comercio e Consumo e pola Xunta de Galicia no ano 2023 de interese para o sector artesán.

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número		Nº de horas / ano	
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado
Persoal asalariado	7	7		
Persoal con contrato de servizos				
Persoal voluntario				

C) Recursos económicos empregados na actividade.

Gastos / Investimentos	Importe	
	Previsto	Realizado
Gastos por axudas e outros		
a) Axudas monetarias		
b) Axudas non monetarias		
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno		
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		
Aprovisionamentos		
Gastos de persoal		
Outros gastos de explotación	70.000,00	49.378,12
Amortización do inmovilizado		
